

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE FRANCÉS CURSO 2021-2022 2º ESO**

### **1. Avaliación: inicial, continua, final, extraordinaria.**

#### **1.1 Procedemento de avaliación inicial**

##### 1. Data de realización.

A avaliación inicial farase en outubro.

##### 2. En que consistirá?

En 2º ESO esta avaliación realizarase a través da observación do traballo realizado na clase, coa axuda de test propostos polos libros de texto e por actividades realizadas pola profesora. Terase en conta as 4 destrezas (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita).

##### 3. Como se informará á familia?

Ata ter os resultados da 1ª avaliación, en principio, non se informa a familia. Salvo que se vexa realmente que un alumno ten dificultades moi serias.

##### 4. Cales serán as consecuencias dos resultados?

Teranse en conta os resultados desta avaliación para configurar o curso e levar a cabo os apoios e/ou adaptacións curriculares pertinentes, así como para redistribuír a organización da clase (cambios estratéxicos de sitio, combinación por grupos).

#### **1.2 Procedemento de avaliación continua**

##### 1. Temporalización

Normalmente, faranse como mínimo dúas probas por avaliación (unha por cada tema). A través destas probas avaliaranse todas as destrezas, agás a expresión oral e a comprensión oral. Esta última, avaliarase a través da escoita de audicións. A expresión oral será por medio dunha gravación que deberá ser entregada á profesora (o alumno/a deberá ler un texto).

##### 2. Cualificación

Para a cualificación empregaremos catro instrumentos de recollida de información:

- O caderno da profesora: anotacións diarias sobre a actitude e o traballo diario do alumno/a. Tamén se lles mirará a libreta e se comprobará que realicen as tarefas encomendadas tanto na clase como na casa. Este/a poderá ter positivos ou negativos dependendo dos seus resultados e da súa

implicación na clase. Os positivos ou negativos sumarán ou restarán 0,05 até o máximo de **1 punto na nota final** do trimestre.

- As probas globais: Avaliaranse a comprensión escrita e oral, así como a expresión escrita. Estas probas contarán un **60% da nota final**.
- Os traballos propostos na aula (proxectos trimestrais) contarán un **30%**
- As tarefas realizadas na casa contarán un **10%**

A avaliación é continua e efectuarase a través da observación directa e o rexistro do traballo e das actividades do alumnado.

Para obter unha **avaliación positiva**, as tres partes calificables teñen que sumar como **mínimo un 5**.

O redondeo farase a partir dun decimal igual ou superior a 6. Para a obtención dun dez, o decimal terá que ser igual ou superior a 7 (9.7, 9.8, 9.9)

### 3. Recuperación

Considerando que as linguas son un todo que non se poden dividir en partes diferenciadas, avaliaremos a materia de Francés de maneira continuada, é dicir, nas probas obxectivas retomarase o visto anteriormente coa fin de que o alumnado non esqueza as estruturas comunicativas máis importantes estudadas ao longo do curso.

Se algún alumno/a ten algunha avaliación non superada, poderá recuperala aprobando a seguinte avaliación. En caso de non poder superar unha ou máis avaliacións, propoñeríase unha proba global a finais do mes de xuño para poder recuperar a materia.

#### **1.3 Procedemento de avaliación final**

##### 1. Quen debe ir á avaliación final?

A avaliación final terá que ir quen suspenda a 3ª avaliación.

##### 2. En que consistirá a proba?

A proba consistirá nun exame escrito, con preguntas relativas aos contidos mínimos de gramática e vocabulario vistos en clase ao longo do curso.

##### 3. Que estándares se van avaliar?

Os estándares serán os que aparezan nesta programación didáctica, valorando cales son os máis importantes.

##### 4. Cualificación final

A nota da avaliación final será a nota da 3ª avaliación. As cualificacións faranse de forma numérica. Consideraranse cualificacións positivas aquelas iguais ou superiores a 5.

4. Que criterios segue o centro para a promoción?

Os que aparecen reflectidos na PXA

**1.4 Procedemento de avaliación extraordinaria**

1. Que tipo de proba se vai aplicar?

Tratarase dun exame escrito, no que se valorarán contidos vistos en clase, relativos a temas de gramática e vocabulario vistos ao longo do curso.

2. Cualificación

Para obter unha avaliación positiva, haberá que ter como mínimo un 5.

**1.5 Materia pendente de cursos anteriores**

- En 2º ESO non hai alumnado pendente coa materia de Francés.